


Texto: **PHILIP PULLMAN**  
 Tradución: **FERNANDO MOREIRAS**  
 Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Narrativa K  
 432 páxinas. 15x19,7 cm.  
 ISBN 978-84-96957-71-8

Prezo: 20 €

# O ANTEOLLO DE ÁMBAR

**Nun val á sombra dos rododendros,  
 preto da liña das neves perpetuas,  
 por onde corría un regato coa cor leitosa  
 das augas do desexo, e no cal as pombas  
 e os liñaceiros voaban por entre inmensos  
 piñeiros, había unha cova medio oculta  
 por un penedo que tiña enriba e pola mesta  
 e irta follaxe que se amoreaba debaixo dela.**



Trala publicación de "A aurora boreal" e "O coitelo sutil", este derradeiro volume da triloxía 'A materia escura' transcorre entre o noso propio universo e outros moitos. A primeira parte estaba ambientada na época vitoriana, onde mandaban os férreos corsés da moral e das crenzas. A seguinte aventura transcorría no mundo actual coñecido. Nesta terceira entrega, Lyra e Will irán atopando todas as respostas aos enigmas que os envolven, e descubrirán por que foron eles os elixidos para desvelar o gran segredo. Despois da gran guerra terán que afrontar o seu propio destino.

- **Temática:** novela fantástica de aventuras
- **Idade:** dende 12 anos
- **Aspectos destacables:** terceiro volume da triloxía 'A materia escura'; introdución a conceptos filosóficos e científicos; emocións e perigos; viaxe imaxinaria a unha dimensión descoñecida.

...Máis espías, aliados, inimigos e criaturas fascinantes. Novas viaxes cheas de perigos e arriscadas misións de rescate. A ciencia e a conciencia. A divindade. Vida e morte. Amores imposibles. Mundos que se separan. Todos estes ingredientes, e máis, manteñen e mesmo incrementan o nivel de intriga nunha lectura apaixonante. Os 38 capítulos deste libro van encabezados por citas de autores e obras senlleiras, o que lle confire un maior calado intelectual.

Persiste a rebeldía dos protagonistas, a reflexión en torno a conceptos filosóficos, a curiosidade científica e as dúbidas existenciais que cuestionan as convencións establecidas. A loita entre o ben e o mal, o afán de coñecemento e a valentía son a chave para que mozos e adultos compartan este interesante desafío. Philip Pullman tece, nesta saga, unha emocionante rede de historias que se mesturan no tempo e no espazo con dinamismo e orixinalidade argumental.

Grazas á mestría do seu creador, 'A materia escura' converteuse nunha obra de referencia en todo o mundo e recibiu numerosas distincións. "O coitelo sutil" levou o Parent's Choice Gold Book Award, o premio da Asociación de Bibliotecarios Americanos ao Mellor Libro Xuvenil e o premio 'Publisher's Weekly Best Book of the Year'. Esta terceira parte foi galardoada co Whitbread Book of the Year 2001. A tradución de Fernando Moreiras destaca polo seu esmero na recollida de dialectalismos e pola variedade de rexistros.

## PHILIP PULLMAN (Norwich, Gran Bretaña, 1946)

Estudou Literatura na Universidade de Oxford. Impartiu clases no Westminster College antes de adicarse exclusivamente á narrativa. A súa produción, traducida a varias linguas, inclúe novelas históricas, libros xuvenís contemporáneos, relatos fantásticos para o público infantil, contos... 'A materia escura' situouse no terceiro posto da enquisa 'The Big Read', que organizou en 2003 a cadea BBC para coñecer os gustos literarios dos británicos. Pullman foi distinguido en 2005 co premio Memorial Astrid Lindgren. Tamén se lle concedeu o Premio de Literatura Infantil Guardian, o 'Smarties Award' e o 'Elinor Farjeon Award'.